

Mary Wollstonecraft Shelley e a súa criatura artificial, último libro de M^a Xosé Queizán, publicado dentro da colección “Ensaio” de Edicións Xerais, detense na biografía de Mary Wollstonecraft Shelley, no seu carácter de orfa e mais na presenza constante da súa nai, a pensadora Mary Wollstonecraft –autora de *Vindicación dos dereitos da muller* (traducida ao galego por M^a Fe González Fernández para Sotelo Blanco)– quen morreu dez días despois do parto.

Igualmente, sinala María Xosé Queizán o feito de que Mary Shelley fose compañeira e nai das criaturas ideadas por Percy Shelley, asemade que subliña, como

Prometeo moderno

O gran mito da era industrial

MARGA ROMERO



non, o feito de ser ela mesma a creadora de *Frankenstein, o moderno Prometeo*. Polo demais, o ensaio de Queizán, no que ecoa a novela, volve sobre un tema recorrente na obra da escritora galega: trátase da maternidade, que xa centrara outro traballo anterior, *Escrita da certeza* (Espiral Maior, 1995). A maternidade e o mesmo momento do parto que deixa orfa a protagonista do libro, que case a mata como lle

acontecera á súa nai e que mata así mesmo tantas criaturas. Ese binomio nacemento/ morte é o que está detrás da escrita sobre o científico Frankenstein e o seu desexo de crear vida artificial, cuxa autora, entre a herdanza ilustrada e racionalista e o ambiente romántico, ansia “a inmortalidade, ante a morte dos seres queridos”. María Xosé Queizán trasladanos deste xeito ao pensamento da época e mais aos adiantos científicos dos que era coñecedora Mary Wollstonecraft Shelley, o que lle permitiu escribir “unha novela máis ilustrada que romántica” e converter “a maxia en ciencia”. *QUEIZÁN, María Xosé, Mary Wollstonecraft Shelley e a súa criatura artificial, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP 17 €*